

Memoria xustificativa do convenio de colaboración entre a entidade pública empresarial Augas de Galicia e o Concello de Ortigueira para a explotación da estación depuradora de augas residuais de Ortigueira

1. Antecedentes

O 13.10.1998 o Concello de Ortigueira, ao abeiro do disposto no Decreto 84/1997, do 10 de abril de colaboración técnico financeira da Administración Hidráulica de Galicia coas Entidades locais en materia de abastecemento e saneamento de auga, solicitou a Augas de Galicia a financiación e execución da obra Estación depuradora de augas residuais en Santa Marta de Ortigueira, comprometéndose a asumir a explotación, conservación e mantemento das obras unha vez rematadas e postas a disposición por Augas de Galicia.

Rematada a execución das obras e postas estas a disposición do concello de Ortigueira, este non chegou a asumir as súas obrigas en canto á súa explotación, conservación e mantemento, sendo a Administración hidráulica de Galicia a que veu prestando o servizo de depuración dende o mesmo remate da súa execución.

En atención ao anterior, o 29.04.2005 Augas de Galicia, previa autorización do Consello da Xunta de Galicia na súa reunión do 9.12.2004, formalizou o contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Ortigueira cuxo prazo de duración finalizaba o 30.05.2020

O 13.02.2020 a entidade local solicitou a Augas de Galicia que continuase a xestionar e explotar as instalacións da estación depuradora de augas residuais de Ortigueira e, en consecuencia, a prestación do servizo de depuración de augas residuais de competencia municipal, máis alá do prazo previsto no contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Ortigueira (A Coruña).

A Dirección de Augas de Galicia autorizou o inicio do procedemento para prorrogar o contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Ortigueira o 12.03.2020 e o 29.05.2020 formalizouse a prórroga ao dito contrato.

En virtude do exposto, Augas de Galicia ven asumindo a xestión e explotación das instalacións de depuración de augas residuais a que se refire este convenio.

2. Obxectivos que se pretenden

O obxecto deste convenio de colaboración establecer as condicións nas que a entidade pública empresarial Augas de Galicia continuará a asumir a xestión e explotación da estación depuradora de augas residuais de Ortigueira de titularidade do Concello de Ortigueira.

3. Necesidade da colaboración, razóns de oportunidade e xustificación da non concorrência

A evacuación e tratamento de augas residuais é unha competencia propia municipal, establecida no artigo 25.2.c) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local, e no artigo 80.2 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, de Administración local de Galicia, e que tamén recolle a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, nos seus artigos 4 e 5, no reparto de competencias entre as diferentes administracións públicas de Galicia en materia de infraestruturas hidráulicas.

De acordo co artigo 24.2 da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia a actuación das administracións autonómica e local terá como finalidade, en materia de saneamento e depuración, contribuír á consecución do bo estado ecolóxico das augas e dos seus ecosistemas asociados. Neste sentido, Augas de Galicia poderá formalizar os convenios que sexan precisos coas entidades locais para conseguir os obxectivos das políticas de saneamento e depuración fixados, no ámbito da colaboración e



cooperación que debe presidir as relacións entre administracións, tal e como se recolle no artigo 30 da citada Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia.

Relacionado con isto, cómpre indicar que a normativa existente tamén prevé a posibilidade de que as entidades locais poidan solicitar de Augas de Galicia a asunción da prestación dos servizos que leven a cabo en materia de depuración de augas residuais urbanas, concretamente o capítulo III do Decreto 59/2013, do 14 de marzo, polo que se desenvolve a Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, en materia de execución e explotación de infraestruturas hidráulicas, respecto das estacións depuradoras de augas residuais urbanas que estean previstas no Plan xeral galego de saneamento vixente en cada momento. Neste sentido, a disposición transitoria terceira da Lei 9/2010, do 4 de novembro, de augas de Galicia, indica pola súa parte que ata que non sexa aprobado o plan de saneamento consonte ao previsto na propia Lei 9/2010, do 4 de novembro, continuará a aplicarse a planificación vixente no momento da súa entrada en vigor, que era o Plan de saneamento de Galicia 2000-2015.

Polo exposto, estímase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular a colaboración de referencia, quedando o devandito convenio fora do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de contratos do sector público, de acordo co establecido no artigo 6 da antedita lei.

4. Estimación de custos e financiamento

O custo estimado para a explotación da estación depuradora de Ortigueira é de 16.000,00 € mensuais. Para o financiamento desta cantidade Augas de Galicia dispón de crédito suficiente e axeitado retido na conta 6299 “Outros servizos exteriores” do Plan xeral de contabilidade pública de Galicia no marco de expediente da prórroga do contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Ortigueira.

Ao ser o prazo de vixencia do convenio coincidente co prazo da prórroga do contrato de xestión de servizo público en réxime concesional para a explotación da EDAR de Ortigueira, a subscrición do convenio non supón obrigas de contido económico para Augas de Galicia.

Para a tramitación deste convenio, tense observado o cumprimento dos requisitos establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Santiago de Compostela
A directora de Augas de Galicia
Teresa María Gutiérrez López
(*asinado dixitalmente*)

